

Que imos facer este
VERÁN



3º Trimestre 2018

ÁREA DE PARTICIPACIÓN XUVENIL

EN LIÑA
INSCRIPCIÓN ATA

22
XUÑO

XORNADA DE HUMOR AMARELO Vigo

Obxectivos: realizar unha actividade de lecer dirixida á mocidade que fomente o traballo en equipo, a creatividade e a

práctica deportiva en igualdade nun entorno natural e ao aire libre.

Destinatarios/as: mozos e mozas de 11 a 25 anos ambas incluídas.

Grupo 1: 11 a 13 anos (20 mínimo/ máximo 25).

CIRCUÍTO TANJUN + FÚTBOL BURBULLA

A duración será de aproximadamente de 1,30h e consta de 6 probas: pelexa de sumos; Toro manual; Wipeout; Telaraña; Dragón dourado; Loita de gladiadores/as

Grupo 2: 14 a 25 anos (20 mínimo/ máximo 25).

CIRCUÍTO ABUNAI + FUTBOL BURBULLA

A duración é de 2,30 horas aproximadamente e inclúe todas as probas do circuíto anterior máis 3 probas de maior dificultade que son: Parede de puños; Rodillos; Ponte colgante.

Data: venres 29 de xuño de 2018

Horario: 9:00 a 14:00 h

Saída autobús Casa do Concello: 9:15 h

Saída autobús Cruce de Pierres: 9:30 h

Lugar: HA - Humor Amarelo en Vigo

Matrícula: 5€ empadroados/as; 20€ non empadroados/as.

III Festival de Cultura Urbana_ Soutomaior 18

Descrición: evento dirixido fundamentalmente ao público xuvenil no que se ofertarán actividades ligadas a diferentes estilos e movementos culturais urbanos

Datas e horario: domingo 1 de xullo de 11:00 a 22:30 h.

Destinatarios/as: nos obradoiros mozos e mozas a partir de 9 anos.

20 prazas -obradoiro

50 prazas Arcade Jam

Actividades:

Parkour /Streetworkout

Graffiti

ÁREA DE SAÚDE E PREVENCIÓN

EN LIÑA
INSCRIPCIÓN ATA

22
XUÑO

MOCEANDO!

Esta actividade é unha proposta lúdico _ formativa para falar de sexualidade abertamente pero tamén para aprender a xestionar as nosas relacións cos demais.

Para que a mocidade sexa máis responsable nas e atope respostas a todas as preguntas dun xeito seguro, obxectivo e profesional.

OBRADOIRO 1: "SEXPRÉSATE"

Breve descrición: recibiredes información sobre sexualidade para resolver dúbidas e así poder tomar decisións acertadas sen complexos nin medos.

Destinatarios/as: mocidade de entre 13 e 16 anos.

Data e horario: martes 26 de xuño de 12:00 a 13:30 h

OBRADOIRO 2: "BERRANDO SOLUCIÓNS"

Breve descrición: falaremos de cómo xestionar o conflito de xeito positivo sen medo, sen vergoña e sen sentirnos derrotados/as; como construír relacións en positivo e expresar as nosas emocións e pensamentos sen violencia física nin verbal.

Destinatarios/as: Mozas e mozos de 13 a 17 anos

Data e horario: xoves 28 de xuño de 12:00 a 13:30 h

Son de balde!

Imparte: Quérote



Faite Voluntari@ _Plan Municipal de Voluntariado

Súmate á experiencia do altruismo e do voluntariado no teu Concello. Máis info na OMIX: 986 700 822

Personalización de gorras Trucker
 Campionato ARCADE JAM (BMX E SCOOTER)
 Exhibicións de Danza urbana
 Pista de skateboard
 Pista de Parkour
 Pista de baile e música

HORARIO DE MAÑÁ

- 11:00** - Apertura *SkatePark* para uso libre
 - Confirmación e inscricións nas actividades
- 12:00 a 13:30** Obradoiro de *Parkour*
 Obradoiro de *Gorras Trucker*

HORARIO DE TARDE

- 15:00 a 16:00** Confirmación e inscricións da Competición "*Arcade Jam*"
- 16:00 a 20:30** Competición "*Arcade Jam*" (bmx, scooter)
- 16:00 a 19:00** Adestramentos libres (supervisados) en pista de:
 - *Parkour*
 - *Skateboard/ Streetworkout*
- 17:00 a 19:00** Obradoiro de *Graffiti*
- 20:45 a 21:00** Entrega Premios
 - Competición "*Arcade Jam*"

HORARIO DE NOITE

- 21:15 a 22:30** Exhibición de *Danzas de Rúa*
 - Pista libre e *música con DJ*

AQUAGYM NA PRAIA DA MUXEIRA

Breve descrición: actividade de baixo impacto, realizada no medio acuático, que combina o traballo cardiovascular con exercizos de tonificación muscular e coordinación.

Destinatarios/as: dirixida a calquera persoa de calquera condición física, que busquen facer exercizo de forma saudable no medio acuático.

Datas e horario: os martes e xoves de 18:00 a 19:00 h (desde 03/07/18 ata o 02/08/18)

Recomendacións: levar roupa de baño e fanequeiras.

Lugar: praia da Muxeira en Arcade.

NON fai falta inscribirse previamente



ESCAPISMO EN SOUTOMAIOR

Breve descrición: ofrecer un xogo de escapismo en vivo nun entorno natural ao aire libre no que se mesturen contidos sobre a historia

do municipio coa promoción de actitudes saudables e

valores de respecto e conservación do medio natural.

Contidos:

Un malvado trol que habita nos profundos bosques das beiras do Verduxo tenvos atrapados/as nun tempo que non é o voso... Agora, tedes unha oportunidade de escapar porque na Muxeira atopástedes unha embarcación que vos permitirá navegar ata a guarida do Troll e descubrir o segredo que vos dará a vosa liberdade...

Pero coidado porque as xentes do lugar están baixo os efectos dun maléfico feitizo e van a impedírvolo argallando todo tipo de trampas, son un poderoso exército que teredes que derrotar para poder escapar e ser libres. Para isto, necesidade descubrir o segredo custodiado polo gardián súa guarida do Troll na Praia da Xunqueira.

Non vai a ser fácil porque para chegar á solución final teredes que resolver os misterios das Alvedosas e da Medal e superar moitos retos: pistas, acertixos, crebacabezas, cofres sen chave,... navegando por un mar e un río cheo de sorpresas.

Atrévédesevos a descubrir que está pasando na Praia da Xunqueira? Conseguiredes o reto?

Destinatarios/as: de 12 a 35 anos

Horario da actividade: de 11:00 a 17:00 h

Datas: sábado 7 de xullo

Lugar de encontro: Praia da Muxeira, Arcade

Metodoloxía: as persoas inscritas serán divididas en grupos e cada grupo terá que conseguir rematar o xogo partindo dunha regras que se indicarán antes do inicio.

Percorrido: Praia da Muxeira, Illas Alvedosas, Illa Medal, río Verduxo e praia da Xunqueira de Arcade.

Prazas limitadas: mínimo 20 e máximo 30.



VII CONCURSO DE KARAOKE

Data: sábado 7 de xullo de 2018 ás 22,30 no Multiusos, Arcade

Participantes: a partir de 5 anos

Ensaio opcionais: luns 2 de xullo

(mañá de 9:30 a 13:30)

Máis información: pedir as bases e o listado de cancións na OMIX. Tamén de pode consultar o listado na web www.soutomaior.com - www.gabinetesoutomaior.com



DESEÑANDO O TEU FUTURO

Descrición: “Deseñando o teu futuro” é un proxecto de educación non formal da Xunta de Galicia de estadias- visitas non remuneradas

nos distintos sectores das empresas/ entidades públicas ou privadas para que a mocidade adquira competencias, habilidades e cualificacións que complementen o seu desenvolvemento persoal e a súa formación, e isto lles axude a tomar decisión sobre o seu futuro profesional.

Destinatarios/as: mozos e mozas con idades comprendidas entre os 14 e 18 anos no momento de presentar a solicitude.

Prazas: 30 participantes.

Inicio: luns 9 de xullo

Clausura: venres 27 de xullo

Máis información e inscrición: na OMIX, Multiusos (Arcade) ou no correo electrónico omix@soutomaior.com Tel. 986 700 822

Prazo de inscrición: ata o 2 de xullo ou ata cubrir prazas.



ECOPERCUSIÓN: obradoiro de percusión alternativa

Contidos: actividade que traballa mente e corpo a través da

percusión incluíndo nocións de interpretación, patróns rítmicos, improvisación, etc. Usaremos diferentes instrumentos percusivos produto da reciclaxe: bidóns, latas, tixolas, etc.

Destinatarios/as: faremos dous grupos:

Grupo 1: 10 a 13 anos

Horarios: 30, 31 de xullo e 1, 2, 3 de agosto de 9:45 a 11:45 h. Exhibición venres 3 de agosto de tarde.

Grupo 2: de 14 a 35 anos.

Horarios: 30, 31 de xullo e 1, 2, 3 de agosto de 11:45 a 13:45 h.

Práctica-exhibición (ambos grupos): venres 3 de agosto de tarde (pendente horario).

Prazas: 30/grupo

Lugar: Multiusos, Arcade.

ENCONTRO DA MOCIDADE: SAN SIMÓN 2018

Reunión coas familias e participantes:

Data: xoves 26 de xullo

Hora: 11:00 h

Lugar: Multiusos, Arcade

FestiFLOW

Data: venres 3 de agosto

Hora: a partir das 18:30 h

Lugar: Peirao de Arcade

Actividades: murais artísticos, ecopercusión, danza contemporánea, master class DJ, pinchada...

ACTIVIDADES ANUAIS

Prazo aberto



GUITARRA ESPAÑOLA

Contidos: clases de guitarra española. Haberá que pasar unha proba de nivel para saber o grupo que corresponde.

Destinatarios/as: a partir de 7

anos

Datas e horario ESPAÑOLA:

- **Iniciación:** martes de 19:30 a 20:30
- **Intermedio:** martes de 17:30 a 18:30 h
- **Medio/avanzado:** martes de 18:30 a 19:30 h

Custe: empadroados/as menores de 35 anos 12 €/ mes e empadroados/as maiores de 35 anos 15€/ mes.

Non empadroados/as 30 €/ mes.

Prazas: 10/grupo.

Lugar: Multiusos, Arcade.

Prazo de inscrición: ata 21 de setembro



ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO

Destinatarios/as: nenos/as e mozos/as de 4 a 17 anos

Grupo infantil: 4 a 8 anos; sábados de 12:00 a 13:30

Grupo xuvenil 1: 9 a 12 anos; venres de 20:00 a 21:30

Grupo xuvenil 2: 13 a 18 anos; venres de 21:30 a 23:00

Pago: 12 €/bimensual empadroados/as; 24€ bimensual non empadroados/as.

Prazas: 20/grupo



ESCOLA DE DEBUXO E PINTURA

Contidos: iniciación á creatividade e debuxo e pintura. Clases organizadas por itinerarios

Destinatarios/as: para participar non se esixe nivel previo nin formación básica, xa que damos a posibilidade de iniciarse desde a base e avanzar.

Itinerario 1: ESPERTANDO A CREATIVIDADE

Idades: 4 a 7 anos

Horarios: venres de 16:00 A 17:00 H

Itinerario 2: INFANTIL debuxo e pintura

Idades: 8 a 11 anos

Horario: venres de 17:00 a 18:30 h

Itinerario 3: XUVENIL debuxo e pintura

Idades: a partir de 12 anos todas as idades

Horario: venres de 18:30 a 20:30

Itinerario 4: ADULTO debuxo e pintura

Idades: a partir de 18 anos todas as idades

Horario: venres de 18:30 a 20:30

Custe:

- empadroados-as menores de 35 anos 15 €/ bimensual.
- empadroados-as maiores de 35 anos 25€/ bimensual
- Non empadroados 36€/bimensual.

Lugar: Multiusos, Arcade.



BAILES LATINOS

Destinatarios: maiores de 14 anos

Horario: martes 21:00 a 22:00

Pago trimestral: 15 €

empadroados/as;
30 € non empadroados/as.

Lugar: Local Baixo da Praza de Abastos, Arcade.



DANZA DO VENTRE

Destinatarios: maiores de 14 anos

Horario: xoves 21:00 a 22:00

Pago trimestral: 15 €

empadroados/as;
30 € non empadroados/as.

Lugar: Local Baixo da Praza de Abastos, Arcade.

MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓN



Concellería de Xuventude - OMIX

Multiusos, r/ Peirao, 8 / 36690 (Arcade)

Teléfono: 986 700 822

omix@soutomaior.com

www.soutomaior.com/xuventude

www.gabinetesoutomaior.com

- As prazas son limitadas, teñen preferencia as persoas empadroadas no Concello de Soutomaior.
- Consultar resto de condicións na OMIX.

HORARIO VERAN:

de luns a venres de 9,00 a 14,00

desde 14/06/18 a 14/09/2018

vacacións desde 8 de agosto a 8 de setembro.

A **partir do 17 de setembro** horario de 15,30 a 20,30 agás o mércores que será de 9 a 14 h.

Síguenos en:



YouTube



+ SERVIZOS/PROGRAMAS

Información

Xuvenil xeral

Bolsas, concursos, axudas, ofertas emprego, programas de mobilidade, cursos, etc..

Asesoramento

Estudos / laboral
asociacionismo / voluntariado
/ iniciativas xuvenís

Carné xove
garantía
xuvenil

Subscripcións

BIX

SOUTONEWS

TOKAPP

(APP para recibir información no mobil)



SIGUE ESTE CÓDIGO QR PARA IR A:

INSCRICIÓN EN LIÑA

No caso de ter problemas coa inscrición en liña, pode facelo na OMIX.

<http://gabinetesoutomaior.com/index.php/inscricions-menu/inscricions-en-liña>